

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

Día: 06.04.2021      Hora: 16:00

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 6 de abril de 2021, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 12047 (11/POC-002079)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Informe da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo sobre o impacto na pesca do lixo mariño e sobre as emendas que se lle presentaron  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 108, do 10.03.2021*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 2133 (11/PNC-000208)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis  
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central respecto da posibilidade de que os traballadores do mar poidan realizar a través do Instituto Social da Mariña ou das institucións que considere acaídas os cursos de mantemento da competencia dirixidos á renovación ou obtención do certificado de suficiencia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 19, do 22.09.2020*
- 2.2 12201 (11/PNC-001248)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para compensar economicamente o sector marisqueiro pola paralización da súa actividade con motivo das obras de dragaxe da ría do Burgo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 17.03.2021*
- 2.3 12280 (11/PNC-001257)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis  
Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa nota explicativa remitida pola Dirección Xeral MARE ao Parlamento Europeo respecto da revisión do sistema de control da pesca da Unión Europea no

contexto do Pacto Verde e a Estratexia de biodiversidade para 2030  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 17.03.2021*

- 2.4            12585 (11/PNC-001281)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a  
reestruturación do porto deportivo de Tupide, en Foz  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 17.03.2021*
- 2.5            12634 (11/PNC-001289)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co  
Salón Peña de Cambados, así como cos custos de mantemento das vías da  
súa titularidade e dos elementos existentes nelas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115, do 24.03.2021*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2021

José Manuel Balseiro Orol  
Presidente da Comisión



# RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

## **Mesa**

Presidente

José Manuel Balseiro Orol

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Julio Torrado Quintela

S

## **Vogais**

Daniel Castro García

BNG

Teresa Egerique Mosquera

P

Ana Belén García Vidal

P

María do Carme González Iglesias

BNG

Patricia Otero Rodríguez

S

Rosana Pérez Fernández

BNG

Manuel Santos Costa

P

María Elena Suárez Sarmiento

P

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.04.2021 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 06.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 12047(11/POC-002079)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Informe da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo sobre o impacto na pesca do lixo mariño e sobre as emendas que se lle presentaron

*Publicación da iniciativa, 108, 10.03.2021*

## A Mesa do Parlamento

**Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O problema do lixo mariño é un dos principais retos á hora de restablecer a boa saúde dos ecosistemas mariños e costeiros, que desempeñan un papel fundamental tanto no equilibrio climático como á hora de garantir o desenvolvemento das actividades mariñas e costeiras, entre elas a pesca e a acuicultura.

O lixo mariño, que se pode ver nas praias, ao longo das costas e por todos os mares do mundo, oculta en realidade un fenómeno de contaminación moito máis amplo. En realidade, os refugallos «visibles» só representan unha parte oculta do iceberg. Na superficie, a masa acumulada de refugallos flotantes só representa o 1% dos plásticos vertidos no océano.

O impacto do lixo mariño nas actividades pesqueiras representa entre o 1 e o 5 % dos ingresos totais procedentes das actividades pesqueiras. Os pescadores corren o perigo de sufrir accidentes ou enganchóns e teñen que limpar periodicamente as súas artes de pesca para separar o lixo mariño das capturas e, en caso necesario, reparar as artes de pesca estragados ou rotos. O lixo mariño tamén pode afectar ao propio buque pesqueiro, deteriorando os sistemas de hélice ou a súa estrutura, pero tamén pode obstruír os sistemas de refrixeración. Por último, o lixo mariño pode repercutir na calidade do peixe capturado e que estivo en contacto con el.

A acumulación destes refugallos tamén expón o risco de asfixia bentónica dos chans mariños, contribúe á degradación xeral do ecosistema, ao aumento do risco de enfermidades debidas a unha maior presenza de axentes patóxenos ou á introdución de determinadas especies invasoras nun novo ecosistema. Estes efectos supoñen unha ameaza para a resiliencia dos ecosistemas mariños e un certo seguro para a sustentabilidade das actividades de pesca.

En outubro de 2020 a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo facía público o Proxecto de Informe sobre o impacto na pesca do lixo mariño no que indicaba que era necesario:

- Mellorar a investigación e o coñecemento dos océanos
- Mellorar o marco lexislativo e conseguir que sexa máis eficaz





- Apoiar o desenvolvemento dunha verdadeira economía circular da pesca e a acuicultura
- Comprender mellor e limitar a contaminación ocasionada polos microplásticos
- Promover unha recollida eficaz do lixo mariño

A Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en novembro de 2020 emitía emendas a dito informe.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a opinión do Goberno galego sobre o Informe sobre o impacto na pesca do lixo mariño da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e das emendas presentadas ao mesmo?

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2021





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/03/2021 13:08:23**  
**Nº Rexistro: 12047**  
Data envío: 03/03/2021 13:08:23.181

**Asinado dixitalmente por:**

**Teresa Egerique Mosquera na data 03/03/2021 13:05:58**

**José Manuel Balseiro Orol na data 03/03/2021 13:06:11**

**Ana Belén García Vidal na data 03/03/2021 13:06:25**

**Manuel Santos Costa na data 03/03/2021 13:06:36**

**José Alberto Pazos Couñago na data 03/03/2021 13:06:44**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 03/03/2021 13:06:58**

**Daniel Vega Pérez na data 03/03/2021 13:07:16**



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 06.04.2021 Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 06.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.1 2133(11/PNC-000208)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central respecto da posibilidade de que os traballadores do mar poidan realizar a través do Instituto Social da Mariña ou das institucións que considere acaídas os cursos de mantemento da competencia dirixidos á renovación ou obtención do certificado de suficiencia

*Publicación da iniciativa, 19, 22.09.2020*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/09/2020 17:01:50  
Nº Rexistro: 2133  
Data envío: 17/09/2020 17:01:50.205

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras do mar en activo están obrigados a actualizar os seus coñecementos e, periodicamente, a obter os certificados de suficiencia correspondentes, imprescindíbeis para o desenvolvemento da súa actividade.

Ata hai cinco anos a renovación deses certificados era un simple trámite administrativo polo que se pagaba a taxa establecida e se obtiña o certificado por outro período de cinco anos acreditando a experiencia necesaria. Na actualidade, a renovación deses certificados conleva a realización dun curso que só está dispoñíbel a través de empresas privadas que cobran arredor duns 200 euros polo mesmo.

Os certificados afectados son: “Formación Básica en Seguridade”, “Avanzado na Loita Contra Lumes”, “Embarcacións de supervivencia e Botes de Rescate Non Rápidos” e “Botes de Rescate Rápido”.

CSM-REXISTROZVECORB6  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 17/09/2020 17:01:50

Nº Rexistro: 2133

Data envío: 17/09/2020 17:01:50.205

No 2021 expirará a validez dos certificados emitidos no 2016 e os traballadores e traballadoras do mar deberán aportar os cursos correspondentes requiridos para asumir as tarefas, os cometidos e as responsabilidades necesarias a bordo.

Os certificados son obrigatorios para todas as persoas profesionais da flota de baixura e, a realización desa formación supón un custo moi difícil de asumir para un número importante de mariñeiros aos que xa lles custa manter a súa actividade e uns mínimos ingresos. Os cambios normativos non poden significar unha carga económica máis, que incluso podería abocar en moitos casos ao abandono da actividade ou ao seu desenvolvemento sen a obtención do necesario certificado.

Por outra banda, hai que ter en conta que o ISM dispón de centros de formación propios e de centros locais ou comarcais distribuídos polo territorio, que poderían asumir a impartición gratuíta dos cursos e evitar así que as traballadoras e traballadores do mar teñan que recorrer aos cursos ofertados por empresas privadas e facerlle fronte aos custos que supoñen.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a que demande do goberno do Estado que facilite, a través do Instituto Social da Marina ou outras institucións que considere acaídas, a realización dos cursos de mantemento da

CSV REXISTROZ/REGORGS  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 17/09/2020 17:01:50

Nº Rexistro: 2133

Data envío: 17/09/2020 17:01:50.205

competencia dirixidos á renovación ou obtención do certificado de suficiencia, garantindo así que se podan cursar nun centro público e de xeito gratuïto e evitar que se deba acudir ás empresas privadas, o que xeraría un custo difícil de asumir para moitos traballadores e traballadoras do mar.”

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

**Carme González Iglesias**

**Daniel Castro García**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme González Iglesias na data 17/09/2020 16:56:31**

**Daniel Castro García na data 17/09/2020 16:56:38**

**Rosana Pérez Fernández na data 17/09/2020 16:56:46**

CSX: REXISTROZ/EGORGS  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 17/09/2020 17:01:50**  
**Nº Registro: 2133**  
Data envío: 17/09/2020 17:01:50.205

**Ana Pontón Mondelo na data 17/09/2020 17:01:29**

CSX, REGISTROZV6GB06  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 06.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.2 12201(11/PNC-001248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para compensar economicamente o sector marisqueiro pola paralización da súa actividade con motivo das obras de dragaxe da ría do Burgo

*Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2021 10:31:22  
**Nº Rexistro: 12201**  
Data envío: 06/03/2021 10:31:22.689

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas Mercedes Queixas Zas e Rosana Pérez Fernández e do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á demanda sobre a compensación ao sector marisqueiro durante as obras de dragaxe na Ría do Burgo

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa hai catro meses que se asinou unha nova declaración polo conxunto dos integrantes da Mesa da Ría do Burgo: Concellos da Coruña, Cambre e Culleredo, o Reitor da UDC, representantes da Plataforma en defensa da Ría do Burgo e a Confraría, na que se solicitaba, entre outras, a publicación inmediata no BOE xunto coas medidas compensatorias pola situación de parada extractiva dos profesionais que viven do marisqueo. A día de hoxe, si se publicou a licitación do dragado o día 12/01/2021 máis seguen sen dar solución ás compensacións económicas.

Como xa ten manifestado a Confraría de Pescadores e a Mesa da Ría, é imprescindible que antes do inicio das obras se teña acordado entre as administracións galega e española as compensacións para o marisqueo a flote e a pé.

CSM-REXISTROZDSDSP-01685  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galicia**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/03/2021 10:31:22**  
**Nº Rexistro: 12201**  
Data envío: 06/03/2021 10:31:22.689

O proxecto de “Dragaxe medioambiental dos sedimentos da ría do Burgo”, que ten unha previsión de que as obras duren entre 21 e 26 meses, non cuantifica as medidas compensatorias económicas que percibirán os mariscadores nin a Confraría de Pescadores da Coruña, que garanta os aspectos que a continuación citamos en base aos estudos realizados pola citada Confraría de Pescadores.

Respecto aos MARISCADORES A PÉ , no Plan de xestión que a Confraría presenta para o ano 2021, 2022 e 2023, figuran 49, polo que propoñen que no tempo de duración das obras, realizarán quendas de gardas de vixilancia co fin de evitar a acción dos furtivos e tamén estas terían como función controlar os posibles efectos dos vertidos producidos polas obras nas zonas onde non se vai realizar a dragaxe.

Os mariscadores a pé son traballadores/as autónomos incluídos no ISM e a súa base de cotización mensual é de 1.425,00 €; tendo en conta que os días de traballo anuais que figuran en dito plan ascende a 145 días (entre os dous plans de xestión que teñen autorizados), propoñen que a compensación mensual que perciban pola realización dos traballos de vixilancia sexa de 1.416,00 €, tendo en conta que o custe mensual do pago da seguridade social ascende a 241,00 €, polo que quedaría a cantidade de 1.175,00 € ao mes.

Respecto aos MARISCADORES A FLOTE, no Plan de xestión que a Confraría presenta para os anos 2021, 2022 e 2023, figuran 29 embarcacións cun só tripulante a bordo; propoñen que durante o tempo das obras, realicen quendas de gardas de vixilancia desde as súas embarcacións co fin de evitar a acción dos furtivos e dos posibles vertidos que se poidan producir polas obras.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 06/03/2021 10:31:22**  
**Nº Rexistro: 12201**  
Data envío: 06/03/2021 10:31:22.689

Os mariscadores a flote teñen 235 días autorizados cada ano para a extracción de marisco (entre os tres plans de xestión que teñen autorizados), o que fai que poidan mariscar practicamente 20 días ao mes; tendo en conta que teñen uns gastos mensuais, ademais da seguridade social que ascende a 262,68 €, de mantemento da embarcación e combustible que ascende a uns 150,00 € ao mes, propoñen que a compensación mensual que perciban pola realización dos traballos de vixilancia sexa de 2.000,00€, que, restando os gastos antes citados, quedaría a cantidade de 1.587,32 €

Respecto á Confraría, que é a titular do punto de control e pesaxe de todo o marisco que extraen a totalidade dos mariscadores, e que percibe pola venda deste marisco unha comisión en concepto de recargo ao cliente que pagan os compradores do marisco e que ascende ao 10% do total das vendas, habería que cuantificar as perdas que poida ter e o xeito de compensalas.

O pasado día 18 de febreiro tivo lugar unha xuntanza entre a Ministra Teresa Rivera e o Presidente da Xunta de Galiza, Alberto Núñez Feijóo, na que, segundo transcendeu a través dos medios de comunicación, se falou da dragaxe e rexeneración da Ría do Burgo, pero en ningún momento se menciona nada sobre a paralización económica que terá a actividade marisqueira, nin tampouco de como resolver as peticións da mesa da ría e das agrupacións de marisqueo, ignorando o futuro económico de moitas familias e do posíbel peche dunha entidade histórica na cidade como é a Confraría de Pescadores.

CSX, REXISTROZDZSP-01685  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2021 10:31:22  
Nº Rexistro: 12201  
Data envío: 06/03/2021 10:31:22.689

Por todo o exposto anteriormente, o BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a promover con urxencia as reunións necesarias entre as administracións implicadas, e antes da adxudicación e inicio das obras, para acordar as compensacións para o marisqueo a pé (1.416 euros mensuais por mariscador/a), a flote (2.000 euros mensuais por cada unha) e Confraría de Pescadores da Coruña (na cuantificación resultante dos parámetros expostos na exposición de motivos), como consecuencia da paralización económica da actividade marisqueira derivada das obras previstas na Ría do Burgo.

Asemade, insta a Xunta a comprometerse para que estas compensacións se manteñan mentres non se garantan as condicións óptimas para a práctica do marisqueo con total normalidade.”

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Rosana Pérez Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

**Luis Bará Torres**

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV REXISTROZDSP-01685  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2021 10:31:22  
Nº Rexistro: 12201  
Data envío: 06/03/2021 10:31:22.689

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2021 10:30:30**

**Rosana Pérez Fernández na data 06/03/2021 10:30:33**

**Mercedes Queixas Zas na data 06/03/2021 10:30:43**

CSV REXISTROZDZSP-01685  
Verificación  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 06.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.3 12280(11/PNC-001257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que se deben levar a cabo en relación coa nota explicativa remitida pola Dirección Xeral MARE ao Parlamento Europeo respecto da revisión do sistema de control da pesca da Unión Europea no contexto do Pacto Verde e a Estratexia de biodiversidade para 2030

*Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021*

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

A DG Mare remitía unha nota explicativa sobre a Revisión do sistema de control da pesca da UE no contexto do Pacto Verde e a Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030.

Nesta nota advertíase sobre as posibles e supostas implicacións dalgunhas emendas presentadas á proposta de reforma integral do sistema de control da pesca da UE adoptadas na Comisión de Pesca do Parlamento Europeo (*Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) 1224/2009 do Consello e modifica os Regulamentos do Consello (CE) 768/2005, (CE) 1967/2006, (CE) 1005/2008 e Regulamento (UE) 2016/1139 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao control da pesca*) e na que *"poderían premiar e legalizar a infradeclaración, conducir a unha sobrepesca masiva e permitir que os descartes ilegais continúen sen ser detectados e ameacen a explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños"*.

Os pescadores europeos non poden senón sentirse indignados e abandonados por unha Comisión Europea que presenta á súa propia industria pesqueira como depredadores ilegais e tramposos. Este é o sentimento unánime do sector que perciben esta actitude como unha completa falla de conexión e empatía cos pescadores e as realidades pesqueiras.

A principal asociación pesqueira europea, Europêche, e a española, Cepesca, remitiron un escrito ao comisario Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo Virginijus Sinkevičius no que mostran o seu total desacordo coa Dirección General MARE por divulgar información que dana ao sector.

Europêche insta á Comisión a que deixe de arroxar unha sombra de sospeita sobre o sector e o seu cumprimento no seu conxunto. Tamén instan á Comisión a respectar as decisións democráticas adoptadas polas comisións parlamentarias especializadas. Para o sector pesqueiro europeo, o debate sobre cuestións complexas e técnicas, como o regulamento de control, debe facerse de forma transparente e buscando sempre o resultado de políticas racionais.







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/03/2021 13:21:17**  
**Nº Registro: 12280**  
Data envío: 09/03/2021 13:21:17.633

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia ACORDA:

1. Manifiestar o seu rexeitamento á nota explicativa remitida pola DG Mare ao Parlamento Europeo sobre a Revisión do sistema de control da pesca da UE no contexto do Pacto Verde e a Estratexia de Biodiversidade da UE para 2030.
2. Dirixirse ao Goberno de España a que leve a cabo as actuacións oportunas de rexeitamento a esa nota explicativa xa que atenta contra a imaxe e traballo do sector do mar e a de todas as persoas profesionais que nel traballan”.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2021



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](https://www.galicia.gal/gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/03/2021 13:21:17**  
**Nº Rexistro: 12280**  
Data envío: 09/03/2021 13:21:17.633

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 09/03/2021 13:03:02**

**Teresa Egerique Mosquera na data 09/03/2021 13:03:33**

**José Manuel Balseiro Orol na data 09/03/2021 13:03:44**

**Ana Belén García Vidal na data 09/03/2021 13:03:56**

**Manuel Santos Costa na data 09/03/2021 13:04:05**

**José Alberto Pazos Couñago na data 09/03/2021 13:04:12**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 09/03/2021 13:04:24**

**Daniel Vega Pérez na data 09/03/2021 13:04:37**



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 06.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.4 12585(11/PNC-001281)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reestruturación do porto deportivo de Tupide, en Foz

*Publicación da iniciativa, 112, 17.03.2021*



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

A necesidade da dragaxe do porto deportivo de Foz, Porto Chico, é un tema que se leva denunciando dende hai moitos anos. Pescadores deportivos de forma individual, asociacións, clubs, socorristas e partidos políticos levan anos denunciando a falla de calado que sofre o porto deportivo de Foz, no que atracan moitas embarcacións e tamén varias *zodiacs* de salvamento, entre elas a que emprega Protección Civil de Foz e tamén os socorristas de Barreiros.

A nivel político o PSdeG de Foz ten amosado publicamente o seu apoio ás iniciativas que instaban a Portos de Galicia a acometer de xeito urxente a dragaxe do Porto Chico de Foz. Xa no ano 2013 aprobouse por unanimidade do Pleno do Concello de Foz unha moción do Grupo Socialista focense na que se lle instaba á Xunta de Galicia a que acometese esta dragaxe.

No Parlamento de Galicia, na Comisión 8ª de data 11 de maio de 2018 aprobouse por unanimidade unha Proposición non de lei na que se instaba a Xunta de Galicia a que realizase esta dragaxe de xeito urxente. De novo o 12 de setembro de 2019 aprobouse no Parlamento de Galicia tamén por unanimidade outra proposición para acometer unha mellora integral do Porto Chico de Foz.

O 20 de decembro de 2019 este grupo parlamentario preguntáballe en Comisión á presidenta de Portos, se existía nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2020 unha partida que contemplase a contratación da asistencia técnica que serviría para preparar a documentación e iniciar os estudos correspondentes para poder facer a dragaxe deste porto, así como a cantidade destinada a tal fin. A súa resposta foi que a obra de dragaxe se acometería, pero que non estaba prevista executala no ano 2020 e que se atopaba en fase de redacción dos pregos para contratar a asistencia técnica dos estudos de impacto ambiental de diversas dragaxes en Galicia.

Pero o certo é, que a pesar dos acordos parlamentarios e dos anuncios da Xunta de Galicia, a día de hoxe a falla de calado e as malas condicións de abrigo das instalacións do Porto Chico de Foz seguen a empeorar, sen que a Xunta de





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 11/03/2021 11:47:53**  
**Nº Registro: 12585**  
Data envío: 11/03/2021 11:47:53.587

Galicia aporte ningunha solución. A falta de calado implica que as embarcacións teñan problemas para entrar e saír do dito porto, coa conseguinte falta de seguridade que isto implica. O problema dase coa marea baixa que deixa inutilizadas parte das embarcacións.

Por iso é urxente que a Xunta de Galicia poña remedio a estas situacións e leve a cabo unha reestruturación do porto deportivo de Tupide, coa modificación da bocana, dragaxe e ampliación de servizos.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que neste ano 2021 leve a cabo a reestruturación do porto deportivo de Tupide en Foz, coa modificación da súa bocane, dragaxe e ampliación de servizos.

Pazo do Parlamento, 10 de marzo de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 11/03/2021 11:44:50**

**Julio Torrado Quintela na data 11/03/2021 11:45:03**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 11/03/2021 11:45:17**

CSV REGISTRO: jhwmfpoo08  
Validado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

**Día: 06.04.2021**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

2.5 12634(11/PNC-001289)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Salón Peña de Cambados, así como cos custos de mantemento das vías da súa titularidade e dos elementos existentes nelas

*Publicación da iniciativa, 115, 24.03.2021*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/03/2021 11:02:37  
**Nº Rexistro: 12634**  
Data envío: 12/03/2021 11:02:37.345

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela e Patricia Otero Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

### Exposición de motivos

O trato que dende 2015 está a ofrecer a Xunta de Galicia ao Concello de Cambados sitúase ao marxe do minimamente esixido respecto entre administracións e a colaboración necesaria. Ademais da falta de respecto institucional, ao realizar algúns membros do Goberno autonómico visitas oficiais á vila sen informar ao Concello, e incluso facéndose acompañar por cargos do Partido Popular doutras localidades da comarca, existen varias peticións de xuntanzas por parte da alcaldesa de Cambados, como máxima representante institucional do Concello, que non son atendidas nin sequer respondidas por conselleiros/as ou outros cargos autonómicos, negándose a afrontar proxectos ou ideas beneficiosas para a cidadanía.

Esta actitude infantil e rexeitable tradúcese, ademais, en problemas de xestión que dende a Xunta de Galicia complican e empeoran a vida dos cambadeses e cambadesas. Entre elas recentemente tomou forma o intento da Xunta de Galicia de deixar aos cidadáns da vila e da contorna sen os usos e desfrute dunha instalación de moita actividade e utilidade como o Salón Peña.

Este espazo multiusos, de recoñecidas actividades e dispoñibilidade nos últimos tempos grazas as súas medidas e amplitude e a situación céntrica, encamiñase a ser utilizado de maneira exclusiva pola Xunta de Galicia para un uso propio, deixando no aire todas as opcións e oportunidades que ata o de agora, baixo a xestión do Concello de Cambados, foron desenvolvéndose nun local que se converteu nun foco veciñal e cultural do pobo.

Foi o Concello de Cambados o que investiu 1 millón de euros en reformar e habilitar o Salón Peña para o desenvolvemento de toda a actividade que nel se realizou, e ocupouse tamén de dinamizalo e poñelo en valor, o que fixo que neste espazo se creara unha importante demanda de colectivos veciñais, sociais, culturais, vinculados ao mar e tamén ao viño, referente socioeconómico para a vila de Cambados. Despois de todo este traballo e o desembolso económico, a

CSM-REXISTROXERAL-789  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/03/2021 11:02:37**  
**Nº Rexistro: 12634**  
Data envío: 12/03/2021 11:02:37.345

Xunta de Galicia pretende agora invocar que o Salón está situado en terreos portuarios para quedarse co seu uso por parte dunha institución que ten competencias de xestión portuaria pero non para o desenvolvemento de actividade doutro tipo que era a que veu sendo aproveitada neste Salón.

O Concello de Cambados, ante o desleixo de Portos incluso na contorna e terreos portuarios vén investindo cartos públicos no Salón e tamén no coidado de espazos portuarios, como por exemplo os problemas de mantemento dalgunhas zonas ou de coidado de palmeiras nas vías portuarias que, sen a intervención municipal, estarían mortas e desfeitas polo abandono de Portos de Galicia.

A tendencia da Xunta de Galicia a descargar todo investimento no Concello resulta un desprezo a toda a cidadanía, máis agora vese incrementado pola intención de usurpar un espazo que foi recuperado, reformado e dinamizado polo Concello. Unha vez que está dando froito no seu uso, Portos pretende aproveitalo como un negocio. Fronte a isto, o Concello de Cambados dirixiuse a Portos de Galicia para tratar de manter todas as xuntanzas posibles e abrir as negociacións necesarias, mais a entidade autonómica non deu nin sequera resposta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Manter a situación do Salón Peña de Cambados en liña co funcionamento dos últimos tempos, facilitando o seu uso polo Concello de Cambados que se fixo cargo da súa custosa reforma e dinamización coa realización de actividades e eventos.
2. Asumir os custos de mantemento dos viais da súa titularidade e elementos que se atopen neles, como vexetación ou plantas, evitando problemas que afecten á seguridade das persoas.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Patricia Otero Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/03/2021 11:02:37**  
**Nº Registro: 12634**  
Data envío: 12/03/2021 11:02:37.345

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 12/03/2021 10:40:07**

**Patricia Otero Rodríguez na data 12/03/2021 10:40:15**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 12/03/2021 10:40:38**

CSX REGISTRONC01L769  
Verificado  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)